

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O
DÍA 12 DE XULLO DE 2018.**

Asistentes

ALCADESA:

M.^ª CRISTINA CID FERNÁNDEZ

CONCELLEIROS

Polo BNG:

BERNARDO VARELA LÓPEZ
M.^ª ELENA SUÁREZ ESTÉVEZ
M.^ª TERESA DEVESA GRAÑA
M.^ª ISABEL POISA REY
MANUEL CID PÉREZ
ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL
JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ
MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ

Polo PsdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRÍGUEZ CAMBA

SECRETARIO:

MAXIMINO JARDÓN PEDRAS

---***---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as vinte horas (20.00) do día doce de xullo do dous mil dezaioito, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros relacionados no encabezamento, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa, D.^ª M.^ª Cristina Cid Fernández, a fin de celebrar unha sesión extraordinaria polo Pleno da Corporación.

Non asistiron á sesión os concelleiros que a continuación se indican, quenes previamente comunicaron a súa ausencia por razóns persoais:

FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA, concelleiro do BNG.
OLGA QUINTANA DEVESA, concelleira do BNG.

Sen incidencias.

ORDEN DO DÍA

- 1. ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador correspondente á sesión do 28.06.2018.**
- 2. Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
- 3. Toma de razón da sentenza firme núm. 55/2018 dictada polo Xulgado de Primeira Instancia nº1 de Ourense no Procedemento Ordinario 747/2016 promovido por dona Trinidad Camba Campos contra dona Adela Camba Piñeiro e contra o Concello de Allariz sobre nulidade contractual que afectaba á titularidade pública da Casa Cuartel da Garda Civil.**
- 4. Toma de razón da Orde de data 03/07/2018 dictada pola Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio pola que se aproba con carácter definitivo a modificación puntual núm. 5 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Allariz (PXOM) en Casnadagaia.**
- 5. CONTA XERAL 2017.-Aprobación definitiva, se procede.**
- 6. ROGOS E PREGUNTAS.**

---***---

Antes de entrar no examente e debate dos asuntos incluídos na orde do día, por acordo dos tres grupos municipais, o Concello de Allariz aproba a seguinte declaración institucional da que da lectura a Alcaldesa.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CONDEANDO A VIOLENCIA SEXUAL CONTRA AS MULLERES

Despois do acaecido co tema da chamada “manada” e o contrasentido que supuxo e supón cara á vítima, o Concello de Allariz quere deixar claro o rexeitamento aos agresores en todo o país e a necesidade urxente de entendemento e equilibrio entre a xusticia e as demandas da

sociedade en temas tan sensíbeis.

As Corporacións Municipais non deben quedarse á marxe do clamor que existe na rúa, do pensar e sentir de miles de mulleres e homes ante a inxusta resolución desta situación tan grave.

Deste xeito trasladamos a nosa solidariedade e arroupo á vítima para que non se sinta nin culpábel, nin condeada, nin sinalada.

O caso da manada é o cumio do iceberg, e debemos aproveitalo para visibilizar os centos de casos anónimos que suceden ao noso arredor con moita máis frecuencia da que nos pensamos, e por parte de homes que non están enfermos. Que saiban todas as vítimas anónimas que estamos con elas e que non nos doen menos. E que todas e todos entendamos que o silencio nos condena.

---***---

ORDEN DO DÍA

1.- ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador correspondente á sesión do 28.06.2018.

Apróbase, sen modificación alguna, pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local.

2. Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos, na Secretaría, sinala o alcalde.

A portavoz do grupo socialista, Zaida A. Rodríguez Camba, propón que se remita telemáticamente unha relación das resolucións xunto coa orde do día de cada sesión plenaria.

A Alcaldesa non ve inconvinte que se acceda a esta petición por parte da Secretaría, se tecnicamente é posible.

3.- Toma de razón da sentenza firme núm. 55/2018 dictada polo Xulgado de Primeira Instancia nº1 de Ourense no Procedemento Ordinario 747/2016 promovido por dona Trinidad Camba Campos contra dona Adela Camba Piñeiro e contra o Concello de Allariz sobre nulidade contractual que afectaba á titularidade pública da Casa Cuartel da Garda Civil.

Antes de dar conta deste asunto, a portavoz do grupo municipal socialista do PsdeG-PSOE, Zaida A. Rodríguez Camba, declara a súa intención de ausentarse da sesión durante este punto por considerar que concurren causas legais de abstención, por razón de parentesco.

A Alcaldesa explica que só é unha toma de razón, exclusivamente; non hai debate nin votación.

Así é todo, a portavoz socialista reitera a súa intención de ausentarse. Non comprende cál é o problema de que libremente tome esa decisión, cuestiona a concelleira ante algún xesto ou expresión de incompreensión por parte do grupo municipal do Partido Popular. Reitera o seu dereito a tomar esa decisión de ausentarse libremente da sesión se así o considera, independentemente de que non se proza debate ou se tomen decisións.

A Alcaldesa recorda que é unha decisión persoal de cada concelleiro tomar este tipo de decisións.

Tómase razón da ausencia da concelleira do grupo municipal socialista.

A continuación, a Alcaldesa da conta da sentenza sinalando que o fallo xudicial resolve unha demanda interposta por dona Trinidad Camba Campos contra dona Adela Camba Piñeiro e contra o Concello de Allariz en relación coa finca e coa Casa Cuartel construída sobre ela. Non é a ocasión de reproducir os termos concretos da demanda interposta pero compre recordar que houbo unha reclamación de nulidade das actuacións que se levaron a cabo tanto por parte do concello como por parte de dona Adela Camba Piñeiro en relación á finca e Casa Cuartel de Garda Civil. O grupo de goberno está satisfeito porque as instancias xudiciais deran a razón ó concello e tamén a dona Adela Camba en relación á legalidade das actuacións levadas a cabo polo Concello. Concretamente, o concello considerábase titular destas propiedades en virtude dunha doazón efectuada polos antigos titulares das participacións ou títulos individuais a raíz da cal o concello pasou a inscribir no Rexistro da Propiedade a súa titularidade. Con posterioridade adquiriuse por escritura de compravenda da única participación que quedaba por adquirir que era a que ostentaba dona Adela Camba Piñeiro por importe de 60 mil pesetas e polo tanto o concello convertiuse en titular de toda a Casa Cuartel. Estas transmisións foron obxecto dunha demanda xudicial por parte do dona Trinidad Camba Campos e que agora o Xulgado resolve e recoñece a legalidade das actuacións coa desestimación total de todas as pretensións da demandante sendo firme a sentenza, declarando incluso a prescripción que imposibilitaría a presentación de futuras reclamacións. O que procede agora é que o Pleno tome razón desta sentenza firme e polo tanto non hai debate nin consideración algunha con respecto a esta cuestión.

4.- Toma de razón da Orde de data 03/07/2018 dictada pola Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio pola que se aproba con carácter definitivo a modificación puntual núm. 5 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Allariz (PXOM) en Casnadagaia.

(Neste momento incorpórase novamente á sesión a concelleira Zaida A. Rodríguez Camba).

Da conta o concelleiro de urbanismo, Manuel Cid Pérez, sinalando que o propio Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 01/12/2017 aprobou provisionalmente a Modificación Puntual Nº 5 do PXOM coas modificacións requiridas polos informes sectoriais emitidos e desestimando as alegacións presentadas.

Con esta modificación pretendíase corrixir unha serie de erros que aparecían no parcelario do catastro e nos planos do PXOM do 2003. Queríase modificar as aliñacións levandoas sobre os lindes que solicitaban os propietarios, establecendo esas aliñacións seguindo os elementos construídos e axustándose ás propiedades que os donos das casas teñen reivindicado como súas. Posteriormente, tal como é preceptivo, enviouse toda a documentación á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio que, despois de estudar e avaliar o proxecto presentado fai a seguinte análise e consideracións:

1º. Razóns de interese público. Os fins expostos na memoria para solventar os desaxustes ou incoherencias das aliñacións reflexadas polo PXOM debido á ausencia de planos topográficos

axustados ó parcelario actual e a imprecisión dos lindes das parcelas no momento da súa redacción poden entenderse compatibles co interese público para os efectos da formulación da modificación xa que se regularizan as dúas edificacións xa rehabilitadas reconducindo a aliñación polo seu perímetro e se reaxusta a aliñación que parte o patio da edificación existente contigua axustándoa ó peche construído.

2º. Dada a escasa entidade das alteracións que afectan á ordenación do solo de núcleo rural enténdese que a valoración da súa oportunidade e conveniencia dende o punto de vista urbanístico corresponde ó concello de Allariz. Á vista do cal e cantas competencias urbanísticas desta Consellería en aplicación do artigo 60.16 b) en relación co 60.15 segundo o PXOM non compre formular obxeccións á mesma. A competencia para resolver sobre a aprobación definitiva do planemamento xeral e as súas modificacións corresponde á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e toma a seguinte resolución:

1º Outorgar a aprobación definitiva á modificación puntual nº 5 do PXOM de Allariz en Casnadagaia.

2º Ó abeiro do establecido no artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e o artigo 212.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo inscribirá de oficio a modificación puntual no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia.

3º De conformidade co disposto polos artigos 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o concello deberá publicar no Boletín Oficial da Provincia a normativa e ordenanzas da modificación puntual aprobada definitivamente unha vez inscrita a mesma no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia.

5.- CONTA XERAL 2017.- Aprobación definitiva, se procede.

Da conta a Alcaldesa sinalando que convén destacar en primeiro lugar o grao de execución do orzamento do exercicio 2017, así como o cumprimento de todas as esixencias legais en canto a prazos de aprobación, liquidación, así como a remisión ós órganos fiscalizadores. O 28 de febreiro foi a data na que se aprobou a liquidación, deuse conta ós grupos na comisión de facenda, e con data de 16/03/2017 tomou razón dela o Pleno do concello, entregándose copia de todos os estados económicos a todos os grupos. Estáse, polo tanto, en condicións de proceder á súa aprobación definitiva para rendila ó Consello de Contas en tempo e forma, antes do vencemento do prazo legal o día 15 de outubro.

Sobre o resultado orzamentario, en canto ós ingresos, 5.720.128,09€, había unha previsión inicial cando se aprobou o orzamento de 6.050.000€, polo tanto o grao de execución orzamentaria é moi elevado, apenas trescentos mil euros entre as previsións e o que finalmente foi executado.

En canto ó apartado de gastos, 5.064.762,87€, as previsións eran de 6.050.000€ o cal reflicte tamén un grao de execución elevado, cumpríndose tamén o obxectivo de estabilidade orzamentaria como establecen os informes.

No subapartado de operacións correntes, a diferenza entre ingresos correntes e os gastos correntes é de 1.197.000 euros e polo tanto eso permitiu facer un aforro bruto do 21,1% como se reflicte no estado de liquidación do orzamento, o cal permitiu unhas inversións de 774.992€ e unha amortización de préstamos por importe de 355.674€ a longo prazo, e 125.000€ a curto. No importe destinado a inversións inclúense actuacións no programa RE, eliminación de barreiras arquitectónicas e mellora da mobilidade no entorno do Arnado con dotación de beirarrúas e pasos de peóns, pasarela sobre o Arnoia; canalización das augas residuais en Roimelo, canalización da fosa séptica, melloras da pavimentación do patio do Grupo Escolar; traída da auga en Penamá,

fosa séptica en Requeixo de Valverde, cambio do alumeado no parque empresarial de Chorente e estrada de Xunqueira con lámparas tipo led; asfaltado do acceso ó camping; excavacións en Armea e San Salvador en base a un convenio que se está a facer coa Universidade de Vigo que finaliza a finais deste ano e que será obxecto de negociación; fixéronse obras de urbanización en Roiriz.

A amortización dos préstamos sitúa ó concello cunha ratio de endebedamento do 75,23% algo por enriba do 75% previsto no RD-Lei 20/2011 de medidas urxentes en materia orzamentaria, e polo tanto acadando os obxectivos fixados polo grupo de goberno en materia de amortización de préstamos para conseguir os límites de endebedamento. A finais do exercicio 2018, de seguir este ritmo de amortización, o concello estaría por debaixo do 68% que é un obxectivo que hai que conseguir tal como se expresou na comisión especial de contas para seguir rebaixando a carga financeira do concello.

En canto a regra de gasto, o gasto computable a estes efectos é de 4.181.363€ e que unha vez que quedou fixado no 2,1 a taxa de referencia o resultado 3.515€ inferior ó límite establecido, polo que se cumpre tamén co obxectivo da regra de gasto.

No que se refire ó período medio de pago a provedores non podemos dicir o mesmo porque a conta xeral presenta un período medio de pago de 78,60 días que excede o límite legal, polo que, o grupo de goberno é consciente desta situación e haberá que acometer medidas para axustarse ó límite legal. Haberá que replantearse determinados programas de gasto en agrupación con outros concellos porque obriga a anticipar gastos que ocasionan tensións de tesourería e que, en definitiva, altera o período medio de pago a provedores, tendo en conta tamén que o cobro das axudas non se acomoda ó pago das facturas. En definitiva, hai que controlar este apartado para poder mellorar.

En canto a aqueles apartados mais importantes de conta xeral como é o resultado orzamentario e o remanente de tesourería que demostran a situación financeira do concello. E sendo conscientes que a situación financeira do concello non permite levantar o pé do acelerador, mais obriga a ser prudentes nos gastos e nas inversións, sobre todo para non ter dificultades no futuro próximo como é o 2021[data en que se recobra o plan de amortizacións dos préstamos do ICO], sen embargo é xusto recoñecer que rematamos o exercicio 2017 cun remanente de tesourería de 51.165,18€ positivos o cal significa que todos os parámetros se encamiñan a unha situación razoable, salvo o período medio de pago a provedores.

En canto ós indicadores, o gasto por habitante situouse en 772,12€ e unha inversión por habitante de 124,74€ o que supuxo un desembolso por habitante de fondos públicos de 996,86€ e un endebedamento por habitante de 826,36€.

Conclúe sinalando que é consciente dos axustes que hai que facer no presente exercicio e tamén nos futuros e manifesta que a posición do grupo municipal do BNG vai ser favorable a aprobación definitiva da conta xeral 2017.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, despois de agradecer o tono empregado pola alcaldesa ó longo das explicacións, e tendo en conta a cortesía debida por razón da recente toma de posesión do cargo, convén non obstante facer unhas precisións sobre a conta xeral. A este respecto sinala a portavoz que, se ben a Alcaldesa non é a responsable directa da xestión, pero como membro do equipo de goberno, é partícipe de todas as decisións tomadas. Aprecia un cambio, e alégrese por elo, na toma de conciencia do estado e sanidade financeira do concello, e tamén na etapa que se abre cun diálogo quizá mais constructivo que espera poder aproveitar, ó marxe das discrepancias políticas.

Sobre a conta xeral, concretamente sobre o apartado de ingresos, en particular sobre os correspondentes a exercicios pechados en situación de pendentes de cobro, xa ten dito en diversas ocasións que non lles cadra, e hoxe, dado o elevado importe dos que se deron de baixa, considera que é unha irresponsabilidade manifesta por deixadez nos cobros, porque moitos deles son por impostos debidos, ou non eran certos, como moitas veces o seu grupo tiña dito, utilizándose eses dereitos para que o remanente de tesourería non dera unhas cifras tan abruptas como se chegou a ter en algúns anos. Déronse de baixa dereitos pendentes de cobro desde o ano 1991 ata o 2011 que sumaban 1.029.493,74€ e quedan dereitos pendentes de cobro do ano 2012 ao 2016 por un importe de 1.703.761,99€, se ben son de dubidoso cobro, como ben saben, 673.490 euros.

Dos ingresos correspondentes ó exercicio 2017 o pobo de Allariz está facendo un importante esforzo debido á enorme presión fiscal que temos no concello, eso é indudable, e o pobo de Allariz é un pobo pagador e moi responsable coas súas obrigas. Cobrámoslle ós alaricanos por impostos e taxas mais de tres millóns de euros pero aínda nos recoñecen que lle debemos 260.000 euros mais. Vendéronse parcelas e dereitos funerarios por valor de 108.000€ cando estaban presupuestados 424.000€, polo que seguimos fantaseando cos ingresos pola venda de parcelas ou cos dereitos funerarios facendo previsións que non se axustan á realidade e vese ano tras ano. A Xunta de Galicia e a Deputación déronnos mais de dous millóns de euros en subvencións e transferencias só no ano 2017, de modo que moitos dos investimentos aos que a Alcaldesa aludía antes tiñan cofinanciación doutras administracións, Xunta ou Deputación en particular (substitución de luminarias LED, arranxo da rúa A Granxa, Beirarrúas en O Piñeiro...). Evidentemente, as administracións están para eso e o concello ten que pedir e recibir esas axudas pero non só hai un esforzo inversor por parte do concello de Allariz, que tamén ten unha parte importante nesa cofinanciación, recoñece a concelleira.

No apartado de gastos, recoñece o esforzo feito para pagar ós provedores mais antigos e felicítase por elo, porque sabe que non é fácil porse ó día na situación económica que temos no concello. O esforzo no pago de débedas mais antigas tamén o pagaron os provedores que deron servizo neste ano. No plan provincial de obras só se pagaron 42.000 euros e quedaron debéndose 95.000 euros. De combustibles de vehículos de recollida do lixo pagáronse 17.000 euros e quedáronse debendo casi 12.000. Do canon do tratamento do lixo a Sogama pagáronse só 14.000 euros, o cal é preocupante porque quedamos debendo 154.000 euros, e unha vez mais, os alaricanos que pagamos sobradamente polo servizo, vemos que se retrasan os pagos de Sogama e xa tivemos que chegar a acordos por débedas anteriores noutros anos. Do alumeadado público de Allariz tamén se pagaron 128.000 euros pero quedaron pendentes casi 90.000, co cal volvemos ter retrasos no pago da luz e sabemos que ata o ano 2023 estaremos pagando parte desta luz nos préstamos do plan de pago a provedores. Do festival de xardíns, costounos 90.000 euros e ingresamos uns 40.000€, é dicir, perdemos casi 50.000€, sen ter en conta os gastos de persoal, seguros sociais, e todo o gasto corrente imputable ó festival. Do comedor sobre rodas pagáronse 24.000 euros e quédanse debendo outros 23.000€. Á banda de música, prometéronse 12.000€ e aínda se lles debían a finais do 2017, 3.000€ que, para ser unha banda que integran a moitos veciños, non parece moi normal cumprir con ese compromiso. Nas festas populares gastáronse 98.000€ pero pagáronse 30.000€, quedan 68.000€. E das asistencia a plenos e comisións, das que xa se ten falado, deste ano pagáronse 4.600€ e quédanse debendo 39.000€. Son datos que reflicten a conta xeral.

Comprende que o grupo de goberno fale do grao de execución do orzamento, o cal temén é meritório que os orzamentos se executen no nivel que se executan, pero entende que o mais importante é o grao de cumprimento das obrigas que se producen pola execución dos orzamentos. Así, a tesourería a 31/12/2017 era de 46.500€ entre todas as contas bancarias que ten o concello. A débeda total a bancos era de 4.167.000€ e o remanente de tesourería, sen contar a débeda a longo prazo de 3.451.000€, que non se conta no remanente de tesourería, é de 51.000€. Se tivéssemos algún día ter en conta esa débeda a longo prazo poderíamos falar de que Allariz, neste momento, ten un déficit de 3.400.000€. Non é riguroso dicir que temos ese déficit porque as normas son as que son e non as vamos cambiar, pero a realidade tamén é a que é e dela xa ten falado en moitos momentos. Tampouco vai afondar, sinala, no período medio de pago a

proveedores, porque a Alcaldesa deu unha explicación bastante razoable sobre o problema que estamos tendo, pero hai que ter en conta que se no 2018 pagamos ó mesmo ritmo que en anos anteriores superaremos os 100 días, porque estamos obrigados a pagar en 30 días e sabemos que Europa quitounos a demora de 30 días que ata agora nos estaban beneficiando, o cal é importante telo en conta para o próximo exercicio.

Para rematar, e como xa dixó antes, neste momento non sería a Alcaldesa a responsable de rendir as contas do 2017, aínda que sexa partícipe de todas elas como o son o resto dos membros do goberno, pero é importante que se tome en consideración a situación real económica que estamos atravesando no concello. A 16/06 co cambio na Alcaldía, a acta de arqueo arroxa un saldo de 24.000€ en todas as contas bancarias do concello, sen pagar a nómina de xuño nin a extra de xullo, e xa estaba cobrado máis do 50% do IBI e IVTM do 2018. Tomar conciencia da situación é importante, asumir que quizá non se podan acometer grandes inversións tamén é importante e xa é un punto de partida que o seu grupo valora positivamente; entenden perfectamente que temos que manter o nivel de servizos que damos e que tampouco é cousa menor, o recoñece, que damos uns servizos que se corresponden a cidades ou poboacións medias de máis embergadura que Allariz, admite, pero pensa que cando se está na boa senda e tomando conciencia da situación o camiño empeza a andar e a partir de agora o seu grupo espera que desde a alcaldía, como ofrece a Alcaldesa, se empece a camiñar polo menos dunha forma máis respetuosa coa nosa economía e coa nosa realidade, porque hai necesidades no cotiá que se reflicten na calidade de vida dos veciños; somos un pobo que presume da cantidade de nenos que hai, que nacen en Allariz, os datos da matrícula no Coléxio son fantásticos, esa é a verdade, somos quizá o concello que está á cabeza nese ratio seguramente en toda a provincia, pero hai que adecuar os parques infantís, que están moi deteriorados, con accesorios obsoletos, que non cumpren a normativa, e non sería unha grande inversión. Xa se cambiou o tobogán do Portovello, do cal se alegra, porque evita problemas maiores que se podían producir cos nosos nenos.

Hai outra cousa importante sobre a mesa que lle gustaría que se tivera a sensibilidade de poder sentarse e darlle unha solución que é a situación da Banda de Música como é o arranxo ou adecuación da casa da radio xa que eles non piden máis para facer os ensaios en condicións mínimas de calidade, sabendo e sendo conscientes do nivel e ratios que temos do concello hai, e aínda que todos temos a ilusión posta no centro multiusos, proxecto que aínda está empezando con bo pé, pero sabendo que é un proxecto a medio e longo prazo, se acaso, máis longo, hai posibilidades de arranxo, só é cuestión de vontade política, e recoñecendo que non estamos para grandes inversións, sería bo que se dera resposta ás necesidades que inflúen máis no benestar dos nosos veciños, na sensación que eles perciben de benestar, respostas que esperan das alcaldías, igual que eles son respetuosos e cumpridores cos pagos e coas súas obrigas, por eso convén poder devolverlles en parte o que eles esperan do concello, a situación dos parques infantís é unha necesidade básica, e o da Banda tamén é unha sensibilidade social por unha actividade que é importante porque moitos alaricanos participan dela., conclúe a portavoz.

Polo grupo municipal socialista, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, sinala que hai dúas cifras que salientan que lles parecen preocupantes pero que, como se desprende das palabras da Alcaldesa, o grupo de goberno, é plenamente consciente delas; por un lado, temos unha débeda de máis de catro millóns de euros, e por outro lado un período medio de pago a proveedores que supera a cifra de 78 días, incumprindo claramente o límite legal vixente. A Alcaldesa xa manifestou que é plenamente consciente desta circunstancia e o grupo municipal socialista, como xa ven sendo habitual nesta materia, vaise abster.

Intervén finalmente a Alcaldesa para sinalar que agradece o tono empregado polos grupos municipais, do que se desprende un diálogo constructivo, porque ao final todos buscan o mesmo, como é o benestar dos veciños e das veciñas de Allariz. Hai unha cuestión importante para o grupo de goberno á hora de acometer as decisións cada ano, que son moi conscientes de en qué provincia estamos. Se a ubicación fora outra, ó lado de Vigo, de Madrid, ou no litoral, ou ó lado de Coruña, posiblemente o esforzo feito en moitas actuacións non se tería executado como se ten

feito, pero estamos no interior dunha provincia que se está quedando despoboadada, e polo tanto a decisión que se tivo que tomar foi xogar a non desaparecer, tratábase de pura supervivencia, porque estamos rodeados de concellos que están desaparecendo a unha velocidade tremenda. Os datos que saen dos observatorios asustan mais en cada ocasión o cal determina as decisións que hai que tomar. Allariz ten aproveitado a súa situación de proximidade coa capitalidade para ofrecer uns servizos, e unha infraestrutura que permitan ser atractivos para que a xente decida vivir en Allariz, establecer o seu negocio eiquí, facer a súa vida eiquí, ser algo mais que unha cidade dormitorio, o cal parece que se ten conseguido con moito esforzo. Eso ten levado a facer un gasto moi importante en servizos precisamente con esta finalidade, porque outros concellos que tiñan a dimensión de Allariz na provincia, hoxe están na liña dos tres mil habitantes. Por eso a actividade do concello de Allariz ten sido mais agresiva se cabe por este motivo, para non desaparecer, porque ése é o drama da provincia de Ourense. Eso non quita para que se teñen que acometer, con prudencia, as inversións que hai que facer; o grupo de goberno tamén é consciente de que moita da infraestrutura que hai agora está feita e que o que corresponde é mantela, ése ten que ser o esforzo que ten que facer o concello neste momento, e non emprender aventuras que sexan mais custosas do que agora mesmo podemos afrontar, por moito que nos guste soñar; frenámonos cada día, afirma, nunha labor de contención necesaria.

Con respecto ós ingresos pendentes de cobro, reconece que se fixo unha depuración dos saldos que mencionou a portavoz do Partido Popular e que se seguirán facendo na medida en que se sexa consciente de que hai dereitos pendentes de cobro incobrables. Na cobranza en vía executiva -explica- estase chegando ata o embargo de contas, pero o embargo do patrimonio é un paso un pouco mais delicado que ten unhas implicacións administrativas mais complexas para os concellos, pero estase traballando nesta vía e procurarase que todos os dereitos pendentes de cobro podan efectivizarse, pero na medida en que vexa que o cobro é imposible terán que darse de baixa os saldos.

Con respecto á presión fiscal, se nomesmo concepto inclúense no debate impostos e taxas, e convén recordar que hai que distinguir porque así como os impostos son obrigatorios hai taxas que son obrigatorias só se se recibe o servizo como é o caso da piscina municipal, outras son obrigatorias como o lixo, pero outras non.

Sobre o cumprimento das previsións orzamentarias, o grupo de goberno considera que é un dato importante porque ano tras ano vese que as previsións feitas e a execución reflíctese na conta xeral, de modo que cando se fala de indicadores, como o 0,90, en realidade, do que se fala non é de partidas que ó concello lle interese ou non senón que os fai o sistema de acordo cuns criterios xerais establecidos.

En canto ó estado dos pagos e a relación cos pendentes, convén recordar que é unha situación a unha data concreta, a 31/12/2017, e que unha boa parte deles agora mesmo xa están efectivizados. Con respecto ás actas de arqueo tamén depende da data concreta en que se fagan; se se fan o día 3 de cada mes que cando entran as transferencias dos fondos, ofrecerán un resultado e unha imaxe diferente. Polo tanto, é un dato que hai que tomalo con esa precaución.

En canto ó Festival de Xardíns, o grupo de goberno nunca tomou este servizo non termos expresados pola portavoz do Partido Popular, sobre canto perdemos no Festival de Xardíns porque se así se fixera calquer actuación feita cunha finalidade de dinamización económica por calquer administración, ven sexa en forma de festival de cine, ou volta ciclista a España, ou calquer outro evento similar, se se evaluaran en termos de ganancias e perdas, moitas arroxarían perdas, pero hai que introducir unha variable como é o do beneficio que supón en termos de dinamización, para un sector. Se se teñen en conta as 40.000 visitas que se miden polas entradas vendidas no propio Festival é un dato moi importante para Allariz porque repercuten nun amplo sector comercial.

Sobre o pago a provedores hai que ter en conta que todas as nosas facturas computan no período medio de pago a provedores, pero é tempo que moitas actividades e servizos que se prestan con

subvencións doutras administracións a demora no pago das subvencións non entran dentro do cálculo, de xeito que a Xunta pode demorarse 6, 7, 8 ou 9 meses en pagar unha subvención que o concello tten realizada, pagada e xustificada; a demora non computa no período medio porque non somos proveedor senón administración que recibe unha transferencia con demora. Por eso, ese tipo de ratio tamén hai que tomalo con prudencia, porque se a Xunta de Galicia pagara as subvencións a 30 días unha vez xustificadas o problema de tesourería que se lle ocasiona ós concellos non sería o mesmo. En realidade todos deberían facer un fronte comun para que poideran sair adiante iniciativas como o Plan Único da Deputación de Ourense que é a única Deputación que queda sen este tipo de plan que obriga aos concellos a un esforzo administrativo importante para estar pendentes da cada subvención que sae, a miudo por importes por debaixo dos mil euros que se solventaría cun único plan de subvencións.

En relación coa Banda de Música, somos perfectamente conscientes, afirma, da súa importancia porque que se volvemos ter unha banda despois de moitos anos é unha responsabilidade deste concello, por eso ten tido todo o seu apoio, non só económico senón en todos os seus aspectos. Esta semana está prevista unha reunión coa Banda para ver todas estas cuestións. No concello recoñécese a importancia desta iniciativa para Allariz e polo tanto do apoio que merece e colaborando como se está facendo agora mesmo.

Polo exposto,

Visto o expediente tramitado do que se deu conta,

Resultando que a Conta Xeral foi dictaminada con carácter inicial e favorablemente pola Comisión de Facenda, Persoal e Réxime Interior, en calidade de Comisión Especial de Contas, en sesión celebrada o día 07 de maio de 2018, sendo exposta a información pública mediante anuncio publicado no BOP nº 107, de 11 de maio de 2018, por prazo de 15 días, durante os cales e 8 mais, os interesados podían presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Resultando que durante o prazo de exposición pública non consta que se presentara reclamación algunha contra a citada conta.

De conformidade co informe favorable da comisión especial de contas do 09/07/2018;

O Pleno, pola maioría absoluta legal, cos votos afirmativos dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do BNG (7), co voto negativo do PP (3) e coa abstención do grupo municipal do PsdeG-PSOE (1),

ACORDA:

Primeiro.- Aproba-la Conta Xeral do Concello de Allariz correspondente ó exercicio de 2017.

Segundo.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde para que asine e expida cantos documentos sexan necesarios para a debida execución deste acordo.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

O grupo municipal socialista formulou por escrito as seguintes:

6.1 A finais do pasado mes de maio celebrouse no Concello de Allariz unha reunión da Xunta Local de Seguridade.

En relación con esta cuestión pregunta:

- Cales foron as cuestións que se abordaron na mesma?
- Que iniciativas se porán en marcha no noso termo municipal para a mellora da seguridade pública?.

Responde a Alcadesa sinalando que na orde do día da reunión abordouse un informe sobre seguridade cidadá, un informe sobre violencia de xénero, as previsións en materia de seguridade para a festa do boi e para os eventos do segundo semestre do 2018 e tamén, como ven sendo habitual, un apartado de rogos e preguntas.

No que respecta ao informe sobre seguridade cidadá no concello, deuse conta por parte da Subdelegación de que había unha baixa significativa nas infraccións de orden penal con respecto ó ano anterior do 30%, cun incremento da porcentaxe de esclarecementos. As infraccións penais que mais baixaron son as que teñen que ver con delitos contra o patrimonio; en canto ás infraccións administrativas manivéronse na mesma liña no mesmo período 2016/2017. Reflicte tamén que se fixo un número importante de auxilios humanitarios, concretamente, 75 no municipio de Allariz.

En canto á seguridade cidadá obsérvase que houbo un pequeno repunte en infraccións penais do 15%. Con respecto a isto hai que aclarar que existe unha instrucción da Secretaría de Estado de Seguridade pola que non se poden facilitar datos en números absolutos dos delitos e polo tanto só temos coñecemento de datos estatísticos de modo que nas reunións da Xunta Local de Seguridade só se facilitan datos das variacións porcentuais, se ben, por parte da Subdelegación fíxose mención de que estamos falando dunha cuantía de delitos insignificantes e polo tanto as variacións porcentuais que se barallan son pouco significativas.

En canto ó informe sobre violencia de xénero a Xunta Local de Seguridade refrendou e tomou razón do Protocolo contra a Violencia de Xénero que ten aprobado o concello de Allariz, do cal deu conta a concelleira de benestar. Tamén se deu conta por parte da concellería de que naquel momento se estaba traballando por parte dos servizos municipais con 15 mulleres que sufriran violencia de xénero, con respecto ó cal a Subdelegación do Goberno ofreceu a súa colaboración en relación con este programa municipal. Constatouse tamén que hai unha maior sensibilidade e polo tanto está habendo mais denuncias de casos, hai mais visibilidade desta problemática, e tamén se fixo mención do proxecto posto en marcha polo concello denominado *Doulas Sororas* a través do que se buscan formas de prevención de posibles casos de violencia de xénero no rural e acompañamento para estes casos.

En canto ás previsións de seguridade para a festa do boi o que se fixo foi revisar o plan de seguridade acomodado ó número de efectivos con que conta o concello en colaboración coa Garda Civil e Protección Civil, e tamén se deu conta do plan de seguridade para o segundo semestre tendo en conta que as competencias en materia de seguridade son exclusivas da Garda Civil e que neste caso abrangue un territorio dos concellos de Taboadela, Xunqueira de Ambía e Allariz que conta con nove axentes da Garda Civil, cunha vacante sen cubrir; que agora mesmo están operativos cinco efectivos para atender os termos municipais dos tres concellos mais os demais concellos que subsidiariamente tamén teñen que atender. Isto é importante para que se saiba cal é a situación nesta materia por parte da Garda Civil. Normalmente téñese feito chamamentos por parte da Xunta Local de Seguridade ao Ministerio do Interior para que se cubra esa praza vacante de modo que o número de efectivos sexa o mais elevado posible.

6.2 En relación có programa municipal Concilia Verán 2018, interesa coñecer o seguinte:

Existen unhas bases públicas onde se regula este programa?

- Cales son os criterios de selección deste programa de conciliación laboral e familiar?
- Como se realizou a selección dos cuidadores/as e monitores e monitoras deste programa municipal?
- A baixa por maternidade pode ser unha causa excluínte para non poder desfrutar deste programa?

Responde a Alcaldesa sinalando que, efectivamente, existen unhas bases públicas. O sevizo de concilia verán empeza no mes de maio, momento no que se facilita a través do Colexio a todos os posibles interesados e polo tanto cada neno leva á súa casa en prazo toda a información para o programa, o cal significa que a todos os pais se lle reparten esas bases nas que se regula toda a actividade do concilia verán. En definitiva as bases existen e facilítanse a todos os fogares a través do Colexio para ter a seguridade de que todos os nenos e nenas teñan a información na súa casa.

Os criterios de selección deste programa están efectivamente nas bases pero ten sido norma deste concello admitir a todos os nenos e nenas, salvo nos casos de baixa por maternidade ou por algunha outra cuestión, e polo tanto o que fai o concello é dimensionar o programa con arreglo a todas as peticións e necesidades que se presentan salvo que non cumpran algún dos requisitos, como é lóxico.

O servizo préstase con tres traballadoras municipais que se reubican nestas datas porque son traballadoras da Área de Benestar Social e que polo tanto a programación e dinamización que se fai no inverno e no verán varía, e polo tanto tres desas traballadoras no verán están no Concilia Verán e, en función do número de nenas e nenos inscritos, tamén se fai unha contratación a maiores de monitoras para cumprir os ratios de cuidados dos nenos e nenas, en función tamén das franxas de idade dos nenos e nenas que se inscriben, xa que as necesidades varían en función da idade. A contratación faise a través dunha oferta xenérica de emprego ó INEM. Lóxicamente, a todas aquelas personas que ó longo do ano teñen manifestado o seu interese en participar, avísaselles para cando está previsto facer a oferta de emprego ó INEM.

En relación coa última cuestión, a baixa por maternidade é unha causa excluínte para non poder desfrutar deste programa. Estamos falando dun programa de conciliación familiar e laboral. Lóxicamente, a baixa por maternidade exclúe a necesidade de conciliación laboral.

A Alcaldese ofrécelle á concelleira toda a información dispoñible sobre o funcionamento deste programa.

Sobre o rogo feito por escrito de que se acometa de xeito inmediato a renovación e mellora dos elementos do parque infantil e as randeiras de madeira do mesmo por mor do seu deterioro e para mellora da seguridade no desfrute das crianzas, comenta a concelleira que, efectivamente, xa se contestou a través da páxina do *facebook* que se substituirá o tobogán, a pregunta que se fai por parte do grupo socialista e o que se pretendía dende o seu grupo era publicitar a situación de toda a estructura do parque infantil está moi deteriorada. Prantexa esta cuestión porque se achegou á concelleira un grupo de nais para comentarlle esta situación que xa se arrastraba desde fai meses e efectivamente, as condicións non parecen as mais axeitadas.

Responde a Alcaldesa sinalando que, con respecto a este rogo, efectivamente houbo tres persoas que se dirixiron a este concello e a todas elas se lles deu a mesma explicación. Recoñécese que houbo un deterioro desta instalación, o problema do tobogán xa non era parcheable xa que presentaba unha dificultade de reparación importante, polo que o concello púxose en contacto coa empresa que subministrou a instalación tendo en conta que xa era das instalacións mais antigas, databan do ano 90 ou 91. A empresa contestou que podían fabricar un novo tobogán que se axustara ó espazo pero que, como sucede con moitas empresas agora é que fabrican baixo demanda e que polo tanto o que tiña que facer o concello era facer o pedido e efectivizar o pago por anticipado. Fíxose así e tivemos que esperar o mes e medio que tardaron en fabricar o tobogán, chegou o martes día 3 pola tarde e o mércores día 4 procedeuse á súa instalación e o xoves día 5 estiveron os carpinteiros facendo os arranxos de boa parte da carpintería. Recoñece que está pendente ata esta semana o traballo do pintor, de empastado, de pintura, para deixar a punto esa instalación.

O concello -sinala- é consciente de que hai algún parque mais que necesita mantemento, xa está traballando nel; tamén da necesidade de substituír instalacións porque en algúns casos é dificultoso facer reparacións e noutros porque é preferible cambiar as instalacións mais que proceder ó seu arranxo.

A portavoz do grupo socialista recórdalle á Alcaldesa o compromiso que hai de contestar a unha lista de temas pendentes de contestación que figuran en diversas actas.

Responde a Alcaldesa sinalando que toma nota, pero a voráxine de porse ó día en tantas cousas non lle ten permitido porse con ese asunto pero toma nota do tema e comprométese a facelo no tempo mais breve posible.

E non tendo mais asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinteunha horas e trece minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.

A ALCALDESA, M.^a Cristina Cid Fernández.
Pedras.

Dou fe, o Secretario, Maximino Jardón